



Número de expediente: 2018/NOMFUNCONTEMP/000023

## RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA DE PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E PATRIMONIO Á AMPLIACIÓN DO PERÍODO DE VIXENCIA DO NOMEAMENTO INTERINO DO OPERARIO-SUBALTERNO DON PEDRO ABAL LÓPEZ ADSCRITO Á UNIDADE OPERATIVA DE CONSERXERÍA DE CENTROS ESCOLARES PARA A SUBSTITUCIÓN DE DON FLORENTINO VÁZQUEZ GARCÍA DURANTE A SÚA SITUACIÓN DE BAIXA POR INCAPACIDADE TEMPORAL

Tras examinar a proposta da Concellería de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio relativa á ampliación do período de vixencia do nomeamento interino do operario-subalterno don Pedro Abal López para a substitución do funcionario don Florentino Vázquez García adscrito á Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares durante a súa situación de baixa por incapacidade temporal, faise constar que:

### ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Mediante Resolución do concelleiro de goberno responsable da Área de Réxime Interior, Persoal e Actividade Económica do 2 de maio de 2011, nomeouse funcionario de carreira a don Florentino Vázquez García para ocupar unha praza de operario (consolidación de emprego temporal) da escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, integrada dentro do grupo AP, tomando posesión con efectos do 16 de maio de 2011.

A día de hoxe, segundo a RPT en vigor, segue prestando servizos como operario-subalterno adscrito á Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares (CDG 10133).

2.- Desde o día 21/04/2017, o funcionario don Florentino Vázquez García se atopa en situación de baixa por incapacidade temporal.

3.- O 24/01/2018, a xefa do Servizo de Educación e Dinamización de Servizos presenta un escrito onde, entre outros extremos, sinala o seguinte:

“(…) Con data 21/04/2017 o conserxe que realiza as súas funcións no CEIP A Xunqueira II sofre baixa laboral o que ocasiona a necesidade de cubrir o seu posto mediante unha acumulación de tarefas que remata o 04/02/2018.

Dende o 15/11/2017 existe unha lista de reserva para a cobertura mediante provisión interina, de prazas de ordenanza, vixiante e porteiro de colexio público.

A figura do conserxe é unha figura fundamental no centro educativo, de tal modo que a falla nun centro nun día calquera, xera unha merma importante nos servizos de estes centros así como na súa seguridade e vixilancia.

Os conserxes levan a cabo funcións prioritarias de seguridade nos centros educativos, tanto nas instalacións polo seu mantemento, conservación e bo funcionamento, como na seguridade dos nenos e nenas que asisten a diario, con especial importancia nos horarios de apertura e peche dos centros, sendo a súa figura moi importante no funcionamento dun servizo esencial na educación pública.

É prioritaria a atención das necesidades de vixilancia e custodia do edificio escolar e as súas instalacións; apertura e peche das portas do centro, para a entrada do alumnado; atención das chamadas á porta de entrada do edificio ou recinto da escola, etc nos centros educativos. Non cubrir inmediatamente este posto afectaría ao normal funcionamento de este servizo público.

Xa que procede atender as necesidades dos centros é urxente e necesario o nomeamento dun



subalterno que leve a cabo as súas funcións na unidade operativa de conserxería do CEIP A Xunqueira II mentres continúe a baixa existente (...)"

4.- No Boletín Oficial da Provincia do 22/05/2017 (BOP núm. 96), anunciouse a convocatoria pública para a formación, mediante o sistema de concurso-oposición, dunha lista de reserva (listas B) para a substitución transitoria de diversas prazas e acumulación de funcións na Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares do Concello de Pontevedra, de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 08/05/2017.

Mediante resolución do concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio do 27 de novembro de 2017 acordouse aprobar á lista única de reserva para a substitución transitoria de diversas prazas e acumulación de funcións na Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares, grupo AP (Lista B).

5.- O concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio na súa proposta do 25 de xaneiro de 2018, dada a imposibilidade de prover este posto mediante unha redistribución dos efectivos existentes na actualidade nesta Administración municipal e á vista da necesidade exposta no informe emitido para estes efectos pola xefa do Servizo de Educación e Dinamización de Servizos, esta concellería de goberno, xa que é imprescindible para o funcionamento desta administración a tramitación dos asuntos da súa competencia, **considera urxente e inaprazable** prover o posto solicitado mediante un nomeamento interino para a substitución do operario-subalterno adscrito ao citado Servizo (CDG 10133) durante a duración da súa baixa por incapacidade temporal, e, en consecuencia, propón que se inicie o expediente para proceder ao nomeamento dun funcionario interino, correspondéndolles ao candidatos da devandita Lista de reserva (Lista B), de acordo coa súa orde de puntuación e requirindo aos interesados para que acepte ou renuncie no prazo de 48 horas, achegando a documentación preceptiva. En caso de renuncia proporase os seguintes candidatos en orde de puntuación.

Cómpre sinalar nesta proposta expresamente a conveniencia de que, de ser necesario, os custes deste nomeamento interino se realice **con cargo á partida orzamentaria prevista para os custes do programa de colaboración social** xa que non este ano non se tramitou o expediente de colaboración social 2018, ou de ser necesario, con cargo ás partidas orzamentarias destinadas a financiar aquelas prazas que se atopan na actualidade vacantes.

O nomeamento estenderase durante a situación de baixa por incapacidade temporal de don Florentino Vázquez García.

5.- Tras a tramitación do oportuno expediente, mediante resolución do concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio do 19 de febreiro de 2018 acordouse nomear a don Pedro Abal López, DNI núm.76822542N, operario-subalterno deste Concello, co carácter de funcionario interino integrado no grupo AP, coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de clasificación e as complementarias correspondentes ao posto de operario-subalterno na Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares, con efectos do día 20 de febreiro de 2018, por un período inicial de 7 meses (ata o 19/09/18) que pode ser prorrogado tras a tramitación do oportuno expediente, advertindo ao nomeado que cesará no posto cando remate a baixa por incapacidade temporal de don Florentino Vázquez García ou, de ser o caso, cando desaparezan as razóns de urxencia que motivan este nomeamento.

O nomeamento interino só poderá estenderse durante a baixa por incapacidade temporal de don Florentino Vázquez García, producíndose o cese automático do Sr. Abal López no momento en que o Sr. Vázquez García se reincorpore ao seu posto de traballo por cesar na situación de incapacidade temporal.

6.- O 26/07/2018, a xefa do Servizo de Educación e Dinamización de Servizos emite unha nova solicitude, na que, entre outros extremos, sinala o seguinte:

"(...) Con data 21/04/17 o conserxe que realiza as súas funcións na CEIP Xunqueira II sobre baixa laboral o que ocasiona un trastorno no normal funcionamento do centro educativo.





Con data 19/02/18 Don Pedro Abal López foi nomeado como persoal subalterno, con efectos do 20/02/2018, con carácter de funcionario interino por un período de 7 meses prorrogables, para levar a cabo as súas funcións nese centro educativo.

A figura do conserxe é unha figura fundamental no centro educativo, a súa ausencia nun centro nun día calquera xera unha merma importante nos servizos destes centros, así como na súa seguridade e vixilancia.

Sendo a obriga deste Concello atender as necesidades de persoal subalterno do centro solicitamos a prórroga do persoal subalterno que desenvolve as súas funcións na unidade operativa de conserxería do CEIP Xunqueira II mentres continúe a baixa existente (...).

7.- O 03/08/2018, a Concellería de Goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio emite unha proposta na que, entre outros extremos, recollese o seguinteS:

“(...) En base ao exposto, dada a imposibilidade de prover este posto mediante unha redistribución dos efectivos existentes na actualidade nesta Administración municipal e á vista da necesidade exposta no informe emitido para estes efectos pola xefa do Servizo de Educación e Dinamización de Servizos, esta concellería de goberno, xa que é imprescindible para o funcionamento desta administración a tramitación dos asuntos da súa competencia, **considera urxente e inaprazable** prover o posto solicitado mediante a ampliación do período de vixencia do funcionario interino, don Pedro Abal López, nomeado para a substitución do operario-subalterno adscrito ao citado Servizo (CDG 10133) durante a duración da súa baixa por incapacidade temporal, e, en consecuencia, propón que se inicie o expediente para proceder á ampliación do antedito nomeamento interino ata o 31/12/2018, podendo ampliarse, de manterse as circunstancias existentes tras a tramitación do oportuno expediente.

En todo caso, o Sr. Abal López cesará no seu nomeamento no momento en que se produza a finalización da situación de baixa por incapacidade temporal do funcionario de carreira don Florentino Vázquez García ou no suposto de que non se manteñan as circunstancias de urxencia que motivan o antedito nomeamento.

Cómpre sinalar nesta proposta expresamente a conveniencia de que, de ser necesario, os custes deste nomeamento interino se realice con cargo ás partidas orzamentarias destinadas a financiar aquelas prazas que se atopan na actualidade vacantes (...)

8.- Emitido informe polo Servizo de Persoal, pola Intervención Xeral Municipal infórmase o expediente sinalando, entre outros extremos, o seguinte:

### “(...) 3.- RESULTADO DA FISCALIZACIÓN

Polo anteriormente exposto infórmase o expediente de conformidade polo que procede continuar a tramitación do mesmo (...)

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE de 31 de outubro de 2015, dispón no seu artigo 10 que son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando existan prazas vacantes e non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira ou para a substitución transitoria dos titulares.

O procedemento de selección de funcionarios interinos deberá realizarse mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O cese producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento.

Segundo.- A lei 2/2015 do emprego público de Galicia, dispón, no seu artigo 23.1.a) que poderá



nomearse funcionarios interinos cando existan postos vacantes, con dotación orzamentaria, cando non sexa posible a súa cobertura por persoal funcionario de carreira. Os postos vacantes desempeñados por persoal funcionario interino deben incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non é posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización ou, no caso do persoal docente, que a planificación educativa o impida.

No artigo 24.1 da lei 2/2015 sinalase que a selección do persoal funcionario interino realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrència.

Así mesmo, o artigo 24.2 dispón que o cesamento do persoal funcionario interino producirase, ademais de polas causas que determinan a perda de condición de funcionario de carreira, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento; por amortización do posto que ocupe; por adscrición provisional ao posto de persoal funcionario de carreira ou provisión definitiva do posto por persoal funcionario de carreira; por transcurso do prazo máximo de duración do nomeamento; por incumprimento sobrevido dos requisitos exixidos para o desempeño do posto e pola reincorporación da persoa titular do posto, no suposto da súa substitución transitoria.

O cesamento do persoal funcionario interino non dá lugar a indemnización, agás no casos en que por causa del a persoa cesada non poida facer efectivo o seu dereito a vacacións nos termos previstos polo artigo 132 desta lei.

Por outra banda, o artigo 25.1 establece que ao persoal interino élle aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do persoal funcionario de carreira e, no seu apartado 4 sinala que a prestación de servizos en réxime interino non constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira, porén, malia o anterior, o tempo de servizos prestados computarase nos supostos de concurso-oposición, nos termos que se establezan na correspondente convocatoria.

Terceiro.- Non obstante o réxime xurídico exposto nos apartados anteriores, cómpre recordar o disposto no artigo 19.Dous da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, de aplicación a todas as administracións públicas, segundo o cal durante o ano 2018 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos, agás nos casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Á vista do citado artigo, infórmase que na solicitude da xefa do Servizo de Educación e Dinamización de Servizos xa se fai constar o cumprimento deste requisito, polo que cómpre remitirse a aquela, que máis arriba se reproduce.

Cuarto.- É competencia do Alcalde exercer a superior dirección do persoal ao seu servizo consonte o previsto no artigo 124.4.i) da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local e o artigo 13.2.i) do Regulamento orgánico do goberno e administración municipal publicado no BOP núm.248 do 28 de decembro de 2005.

Por Decreto da Alcaldía de 21 de abril de 2017 delegouse no concelleiro de goberno Responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio as decisións, propostas e trámites en materia de persoal que sexan competencia da Alcaldía, así como o seguimento e control do cumprimento dos dereitos e deberes do persoal ao servizo do concello.

Atendendo ó exposto, esta Concellería de goberno no exercicio das súas atribucións delegadas,

## **RESOLVE**

Primeiro.- Ampliar a vixencia do nomeamento feito a favor de don Pedro Abal López, DNI núm.76822542N, operario-subalerno deste Concello, co carácter de funcionario interino integrado no grupo AP, coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de clasificación e as complementarias correspondentes ao posto de operario-subalerno na Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares, con efectos do día 20 de setembro de 2018, por un período inicial





CONCELLO DE  
**PONTEVEDRA**

SERVIZO DE PERSOAL  
SGP

ata o 31/12/2018, que pode ser prorrogado tras a tramitación do oportuno expediente, advertindo ao nomeado que cesará no posto cando remate a baixa por incapacidade temporal de don Florentino Vázquez García ou, de ser o caso, cando desaparezan as razóns de urxencia que motivan este nomeamento.

O nomeamento interino só poderá estenderse durante a baixa por incapacidade temporal de don Florentino Vázquez García, producíndose o cese automático do Sr. Abal López no momento en que o Sr. Vázquez García se reincorpore ao seu posto de traballo por cesar na situación de incapacidade temporal.

Así o ordena e dispón o concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio por delegación do Excmo. Sr. Alcalde, ante o secretario da administración municipal, que DA FE da precedente Resolución.

